Documento asinado
ASINADO POR: Xefa Da Inspección De Tributos (Mª Del Carmen Pazos Area) 2017-06-07T09:45:48+02:00 -

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo
Expediente 29956/220
Data impresión: 07/06/2017 09:55
Código de verificación: 23EE4-B325B-5D833-E8C25
Páxina 1 de 2
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

OEP 2013

PRAZA: TÉCNICO/A MEDIO/A ACTIVIDADES CULTURAIS E EDUCATIVAS

RESOLUCION ALEGACIONS FASE CONCURSO

En Vigo, sendo as 12.00 horas do día 6 de xuño do 2017, reuniuse na Sala Anexa ao Pleno o órgano de selección do proceso selectivo para a provisión, pola quenda de promoción interna, dunha praza de Técnico/a Medio/a de Actividades Culturais, mediante o sistema de concurso-oposición, incluida na Oferta de Emprego Público do ano 2013, quedando constituído coa totalidade dos seus membros, para o estudio e avaliación da seguinte alegación:

- Alegación achegada por Dª. Marta Núñez Aboy, presentada no Rexistro Xeral do Concello con data 31/05/2017 (documento n.º 170077432), solicitando que se revise a puntuación que lle foi outorgada na fase de concurso e, tendo en conta que está en posesión de titulación superior á esixida para o acceso á praza (Licenciada en Socioloxía), se lle outorgue 1 punto por titulación superior, de conformidade co disposto na base 12ª (BOP do 02/01/2017).

En documento n.º 170077731 achega documentación para unir á súa anterior alegación, consistente nas puntuacións dunha valoración de méritos dunha oposición anterior correspondente á oferta de emprego 2010-2011, praza de Técnico de Xestión de Promoción Interna, no que sí se valorou cun punto a titulación superior presentando só unha licenciatura por considerarse "titulación superior á esixida para o acceso á praza" e copia da páxina das bases desa oferta onde aparece o mesmo texto que nas bases do 2013. Considera que existindo antecedentes na valoración desta maneira o tribunal debería valorar do mesmo xeito a oferta de emprego de 2013.

Revisada polo órgano de selección a alegación formulada, a documentación complementaria que se acompaña, así como o título de Licenciada en Socioloxía que achegou xunta coa súa solicitude para participar no proceso selectivo, o órgano de selección acorda por unanimidade a estimación da súa alegación, por canto así como a Base 12ª.2-apartado 3.2 das Xerais establece que se valorará estar en posesión doutras titulacións superiores ou do mesmo nivel que o esixido para o ingreso na praza como mínimo, excluída a que serviu para obter a que se alega como mérito, no punto 3.1 non se fai referencia a que se exclúe a que serviu para obter a que se alega como mérito e só se di *"por estar en posesión de titulación superior á esixida para o acceso á praza: 1 punto. (Só se puntuará unha como máximo)".*

Estimada a anterior alegación, procede revisar a puntuación da fase de concurso de todas as aspirantes e esta queda como segue:

Documento asinado
ASINADO POR: Xefa Da Inspección De Tributos (Mª Del Carmen Pazos Area) 2017-06-07T09:45:48+02:00 -

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo
Expediente 29956/220
Data impresión: 07/06/2017 09:55
Código de verificación: 23EE4-B325B-5D833-E8C25
Páxina 2 de 2
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	ANTIGÜIDADE	PUNTOS ANTIGÜIDADE	CURSOS FORMACIÓN	TITULACIÓNS		TOTAIS
							TITULACIÓN SUPERIOR	TITULACIÓN MESMO NIVEL	
1	CASTILLO FERNÁNDEZ-PACHECO	MARTA DEL	******24Y	16/12/09	2,1	-	-	-	2,1
2	FERNÁNDEZ ANSOAR	MARÍA ÁNGELES	******50Q	01/11/07	3	-	1	-	4
3	FREIRE MIGUÉNS	MÓNICA	******86D	01/02/12	1,5	3	-	1	5,5
4	NÚÑEZ ABOY	MARTA	******80K	01/11/07	3	3	1	-	7

Outórgase ós/as aspirantes un prazo de 3 días hábiles a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio para que, de ser o caso, acheguen as alegacións que estimen pertinentes ás puntuacións obtidas na fase de concurso do proceso selectivo (Base Décimo Sétima das Xerais).

Vigo, data de sinatura dixital
A SECRETARIA TITULAR DO ÓRGANO DE SELECCIÓN
María del Carmen Pazos Area